

INFORME PASARELAS DE PAGO
Tab. 1. Gasto total, visitantes e número de operacións. Ano 2017

	ESPAÑA	GALICIA
GASTO TOTAL	33.018.930.769 €	434.914.569 €
Nº VISITANTES	121.677.483	4.615.569
Nº OPERACIÓN	382.722.549	5.855.409
GASTO MEDIO VISITANTE	271,4 €	94,2 €
GASTO MEDIO OPERACIÓN	86,3 €	74,3 €

Fonte: Informe Pasarelas de Pago 2017. Turespaña

Turespaña publica o estudo Pasarelas de Pago 2017 cuxo obxectivo principal é analizar o gasto realizado con tarxetas bancarias estranxeiras no conxunto do Estado. Dalgunha maneira este estudo complementa a análise que se extrae dos datos de EGATUR, conseguindo así obter unha visión máis global e completa do gasto do turistas estranxeiros cando visitan España.

A información contida no informe provén dos datos proporcionados por tres das principais entidades que actúan como pasarelas de pago entre os turistas estranxeiros e os usuarios finais en España. Son, en concreto, a rede 4B, Euro6000 e ServiRed. Os datos obtéñense de forma agregada, sen posibilidade de realizar desagregación entre diferentes segmentos ou compoñentes, e versan sobre o número de transaccións realizadas, importe das retiradas de efectivo en caixeiros automáticos – reintegros- e pagos/compras con tarxeta realizados en comercios e establecementos.

PRINCIPAIS RESULTADOS GLOBAIS

A nivel global, para o conxunto de España, os principais resultados do estudo sinalan que:

- No ano 2017 o gasto total realizado con tarxetas bancarias estranxeiras ascendeu a 33.019 millóns de euros, cifra que supera nun 13,0% o nivel do anterior ano 2016. Desde o inicio da serie no ano 2013 obsérvase un incremento consecutivo do gasto total, pasando de 21.640 millóns nese ano a 33.019 millóns agora en 2017.
- Tendo en conta o número de visitantes –turistas e excursionistas- que chegaron a España en 2017 –preto de 122 millóns-, o gasto medio por persoa e para o total da viaxe ascende a 271,4 euros, cifra que tamén experimenta un importante crecemento en comparación co anterior 2016 –sobe, en concreto, un 7,4%-. O gasto medio por visitante presenta tamén un comportamento positivo nestes últimos anos, pasando de 210 euros en 2013 a 271 euros agora en 2017.
- En canto ao uso das tarxetas realizáronse preto de 383 millóns de operacións, a maior parte das mesmas para pagos e/ou compras en diferentes establecementos –o 88,8% do total-. O 11,2% restante corresponde a operacións de reintegros en caixeiros. O gasto medio por operación sitúase en 86,3 euros, cifra que descende nun 4,4% en comparación co 2016 –esta caída indica que os visitantes fan un maior uso da tarxeta como medio de pago durante a súa viaxe en España mais por importes cada vez menores-.

- Os mercados internacionais con maior nivel de gasto efectuado con tarxeta son, por esta orde, Reino Unido –cun 19,0% do gasto total realizado en España-, Francia –cun 14,9%-, Alemaña –cun 9,2%, EE.UU. –cun 7,2%- e Italia –cun 5,6% do total neste caso-. Estes cinco mercados agrupan ao 56% do gasto total neste 2017. Nun segundo grupo sitúanse mercados como os Países Baixos, Suíza e Bélxica.. Todos eles presentan un comportamento positivo neste ano 2017, superando con diversa intensidade os volumes de gasto total rexistrados en 2016.
- O gasto medio por visitante –GMV- varía sensiblemente en relación aos diferentes mercados internacionais, rexistrando os valores máis elevados países non tradicionais no noso contexto turístico. Son, por esta orde, Arabia Saudí, Emiratos Árabes, Qatar e Singapur –os visitantes procedentes destes catro países presentan un nivel de gasto medio por persoa superior aos 1.000 euros-. Do grupo dos principais mercados por volume de gasto total, o que presenta maior nivel de GMV é Estados Unidos, con 686 euros por persoa.
- A nivel estatal a comunidade autónoma que rexistra un maior nivel de gasto efectuado con tarxetas é Cataluña –con 10.218 millóns absorbe o 30,9% do total de España-. Nun segundo grupo, con valores moi próximos entre si, sitúanse Baleares –cunha cuota do 13,6%-, Andalucía –cun 13,4%- e Madrid –cun 13,0% neste caso-. Seguen a continuación Canarias e a C. Valenciana, ambas cunha cuota levemente por encima do 10%. Nestes seis destinos –que por outro lado son os máis importantes a nivel estatal en volume de turistas e noites, por exemplo- concéntrase o 91% do gasto total efectuado en España.
- O 9,7% restante repártese no resto do territorio sendo o País Vasco e Galicia os destinos de maior peso neste grupo –absorben o 2,4% e 1,3% do total, respectivamente-. A comunidade que rexistra menor volume de gasto é neste caso A Rioxa, cun 0,2% do total de España.
- O gasto total sobe en practicamente todas as comunidades, con diversa intensidade, coa excepción de Castela e León –destino onde descende nun 4,8% en relación ao 2016-. Os crecementos máis notorios localízanse en A Rioxa –do 32,0%-, Madrid –do 31,0%- e Galicia –cunha suba do 13,5% neste caso-.
- O gasto medio por visitante varía tamén en relación á comunidade autónoma de destino da viaxe, sendo maior en Madrid –con 635,4 euros por persoa- e Castela A Mancha –con 618,0 euros neste caso-. Nas restantes comunidades a cifra queda por debaixo dos 500 euros sendo Asturias o destino con maior cifra –cun GMV de 412,7 euros-. No lado contrario, os destinos con menor nivel de gasto medio por persoa son o País Vasco, Galicia, Navarra e Extremadura –as cifras nestas catro comunidades quedan por debaixo dos 100 euros-.
- Cataluña é tamén o destino onde se realizan un maior volume de operacións con tarxeta –o 33,4% do total efectuado no conxunto do Estado-, por diante de Andalucía –que concentra o 13,3%-, Madrid –co 12,6%- e a C. Valenciana –co 10,7% neste caso-. O ranking neste caso aseméllase bastante ao observado no caso do gasto total.
- O gasto medio por operación é maior en Baleares –con 120 euros- e A Rioxa –con 117 euros neste caso- e menor en Castela e León, Navarra, Extremadura e País Vasco –con menos de 70 euros en cada unha delas-. En comparación co 2016 o gasto medio por operación descende en practicamente todas as comunidades autónomas, salvo en A Rioxa e Madrid. A dinámica é, por tanto, homoxénea a nivel territorial
- O comportamento do visitante estranxeiro en relación ao tipo de uso das tarxetas é bastante parecido nas diferentes comunidades autónomas se ben hai matices e diferenzas. En todas elas o

volumen de operacións realizadas para pagos e/ou compras en establecementos supera ao volumen de operacións de reintegro en caixeiros aínda que a proporción varía. Cataluña e Madrid son os destinos con maior uso en termos relativos da tarxeta como medio de pago en establecementos –supón o 93% das operacións- fronte ás operacións de reintegro –o 7% restante-. No lado contrario sitúase Asturias, destino no que as operacións de pago e/ou compra supoñen o 82% do total fronte ao 18% restante –de operacións de reintegro en caixeiros-.

- A distribución do gasto por categorías reflicte que os estranxeiros dedican a maior parte do mesmo a restaurantes –o 21,5% do total-, ocio, cultura e deporte –o 17,7%- e compras –o 14,8% neste caso-. Estes tres conceptos agrupan, en realidade, ao 54% do total do gasto realizado con tarxetas. A porcentaxe restante vai destinada a gasto en aloxamento –o 12,5%-, produtos de consumo –o 9,8%-, aluguer de vehículos, peaxe e combustible –o 8,9%-, transporte –o 7,7%- e outros gastos –o 7,0% neste caso-.
- O incremento do gasto total en 2017 é unha característica que se produce, con diversa intensidade, nos diferentes conceptos de gasto. Isto é, o gasto total sobe en todas as categorías, e de maneira máis notoria e intensa en ocio, cultura e deporte –cun crecemento do 34%- e en compras –cunha suba neste caso do 14%-.

DATOS PARA GALICIA

Na análise das cifras por comunidades autónomas poden extraerse as seguintes conclusións para o caso de Galicia:

- O gasto total efectuado con tarxetas por visitantes estranxeiros durante a súa viaxe a Galicia ascende a 434,9 millóns de euros, cifra que supera nun 13,5% o gasto realizado en 2016. Neste sentido Galicia é un dos destinos máis dinámicos, isto é, onde creceu o gasto con maior intensidade –só A Ríoxa e Madrid rexistraron taxas de crecemento máis elevadas, con pouco máis do 30% interanual en cada unha delas-.
- O 63% do gasto corresponde a operacións de pago e/ou compras en establecementos mentres que o 37% restante atinxe a operacións de reintegro en caixeiros. Galicia é a comunidade con menor proporción de gasto efectuado en establecementos e, ao mesmo tempo, con maior proporción de gasto correspondente a reintegros en caixeiros –a media do conxunto do Estado sitúase no 89% para o primeiro e no 11% para os segundos-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia sitúase en oitava posición absorbendo o 1,3% do gasto total de España. Ocupa unha posición equivalente en canto ao número de visitantes estranxeiros recibidos en 2017 –pouco máis de 4,6 millóns, o 3,8% do total estatal-.
- O gasto medio por visitante en Galicia sitúase en 94,2 euros, cifra que tamén supera o nivel do pasado ano 2016 –nun 6,6% neste caso-. Este incremento sitúase no contorno da media estatal e vai na liña do observado na maior parte das comunidades autónomas. Neste caso, o GMV de Galicia é un dos máis baixos do conxunto do Estado –só supera os valores rexistrados en Navarra, con 75,0 euros, e Estremadura, con 59,5 euros por persoa neste caso-.
- A nivel de operacións Galicia rexistra máis de 5,8 millóns neste 2017, o 1,5% do total do Estado. O 83% das mesmas son de pagos e/ou compras en establecementos mentres que o 17%

restante corresponde a reintegros en caixeiros. Neste sentido a nosa comunidade é un dos destinos con maior proporción de operacións de reintegro –a media de España é do 11%-.

- O gasto medio por operación en Galicia sitúase en 74,3 euros en 2017, cifra que descende nun 3,7% en comparación co anterior 2016. Esta caída enmárcase nun contexto de descensos xeneralizados no conxunto do Estado –só A Rioxa e Madrid rexistran melloras neste concepto-. A caída do GMO en Galicia aproxímase á media estatal, do 4,4% neste caso.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Distribución do gasto total por comunidades autónomas




Fig. 2. Variación interanual do gasto total nas comunidades autónomas. 2017/16




Fig. 3. Gasto medio por visitante nas diferentes comunidades autónomas




Fig. 4. Variación interanual do gasto medio por visitante nas comunidades autónomas. 2017/16




Fig. 5. Distribución do gasto segundo o tipo de uso da tarxeta, por comunidades autónomas

